



Museo do Moble e da Madeira da Estrada



CONCELLO DA ESTRADA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

# II Premio Mome de Teatro "Varela Buxán"



Museo do Moble e da Madeira da Estrada

## II Premio Mome de Teatro "Varela Buxán"

O Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME), comprometido co proceso de creación cultural, convoca o II PREMIO DE TEATRO MOME "VARELA BUXÁN" cos obxectivos de:

1. Pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira e como referente na vida cultural galega.
2. Perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural.
3. Contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán, o Patriarca do Teatro Galego.

## BASES

1. Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega.
2. Os orixinais, que serán presentados por triplicado, terán como eixe temático o Mundo da Árbore, da Madeira e (ou) do moble. Xuntarase unha copia do texto nun CD en formato PDF. Deberán ser remitidos ao seguinte enderezo: Fundación Cultural da Estrada. Avda. Benito Vigo, 104. CP 36680. A Estrada (Pontevedra). Indicando no sobre, I Premio MOME de Teatro "Varela Buxán".
3. Con cada orixinal, que deberá ser entregado baixo lema, xuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo, teléfono(s), correo electrónico e currículo do/-a autor/a.
4. O prazo de admisión de orixinais pecharase o 31 de maio do 2012.
5. A dotación económica será de 1000 euros que se outorgará indivisiblemente nun único premio. Asemade entregarásele ao/á gañador/a un diploma acreditativo e unha escultura en Madeira deseñada polo artista estradense Manuel Frago.
6. O MOME escollerá un xurado de recoñecido prestixio. O seu dictame será inapelable.
7. Unha vez emitida a resolución do xurado procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e lugar que se anunciarán oportunamente.
8. Entregarase o Premio o 24 de xuño, día de San Xoán, no transcurso dun acto público a celebrar no MOME.
9. O MOME resérvase o dereito de publicar a obra premiada, sen apercibimento de dereitos de autor e compensando aos/ás autores/as con 50 exemplares do volume que, no seu día, se puidese editar.
10. Os orixinais non premiados poden ser retirados polos respectivos autores/as no prazo de trinta días contados a partir da entrega do Premio.
11. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases.

